



PLAN DIXITAL

CPR. Plurilingüe Santa María OURENSE

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Código centro: 32008604

CPR. Plurilingüe Santa María

r/ Bedoya, 9 – 32004 Ourense

cpr.santamaria.ourense@edu.xunta.gal

www.maristasourense.com

Alumnado:

Etapa	n.º
Infantil	150
Primaria	423
ESO	339
Bacharelato	166
TOTAL	1079

Profesorado:

	Nº profesorado total
Infantil	10
ESO e Bacharelato	33
Primaria	30
Ed. Especial	4
ENR	1
Total	78

Composición do colexio:

Etapas	Unidades
II Ciclo Ed. Infantil	9
Ed. Primaria	18
Ed. Especial (psíquicos)	1
ESO	12
Bacharelato	6

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro*

As características socioeconómicas nas que o centro se encontra inmerso son relativamente estables, aínda que, a concurrencia de feitos acaecidos nestes dous últimos anos fixeron que moitas familias, empregados e autónomos, economicamente falando, se resentiran. Con todo, dende o punto de vista cultural e social podemos dicir que é un colexio cunha poboación situada nun nivel socioeconómico medio alto.

A contorna da comunidade educativa favorece a integración das TIC. Os alumnos usan os dispositivos dixitais e móstranse receptivos á súa inclusión na práctica docente. A maioría dos alumnos conta con smartphone ou tabletas dende primeiro de ESO, ou mesmo en idades inferiores.

O profesorado recibe regularmente formación dende fai máis de quince anos e integran o uso de recursos dixitais na súa práctica docente: programación didáctica, xestión de aula, docencia e en menor medida a creación de recursos propios. As familias do noso alumnado, usan de maneira habitual as ferramentas de comunicación baseadas en TIC, acceden á web colexial, utilizan o portal de comunicacións e participan nas sesións formativas que se ofrecen dende o centro.

● ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.***

Atopamos entre os obxectivos xerais do proxecto educativo os seguintes obxectivos xerais, e que son os do noso plan estratéxico 2019-2022, vencellados tamén á dixitalización polas súas implicacións xerais.

- Completar a implantación do modelo educativo de Maristas Compostela que fai aos nenos os novos protagonistas do seu propio crecemento, a través dunha educación innovadora e evanxelizadora.
- Implantar un modelo de xestión de persoas baseado no acompañamento e a avaliación do desempeño, que favoreza comunidades educativas e que faga do colexio *Marista Santa María un lugar atractivo no que desenvolver a carreira profesional.

É no contexto do primeiro dos obxectivos, a implantación do modelo pedagóxico marista, onde a referencia ás TICC faise máis patente. Como non pode ser doutro xeito as TICC atópanse integradas de forma completa, diríamos máis, transparente, en todo o proceso de cambio metodolóxico nos nosos modelos pedagóxicos, iCrezco para infantil e iApprendo para primaria e a ESO, ademais na didáctica AICLE de Infantil e Primaria e plurilingüe e das seccións bilingües en ESO.

Este obxectivo estratéxico que se desglosa en varios proxectos estratéxicos, resaltamos o de consolidar a incorporación das novas tecnoloxías no ensino aprendizaxe. O proxecto desglósase en varias iniciativas que se concretan no mantemento das nosas infraestruturas, incrementar a formación do profesorado e integrar a tecnoloxía no proceso de ensino e aprendizaxe.

O Colexio Marista Santa María considerou dentro da estratexia de Xestión de Calidade ISO, a incorporación do TIC na aula e na xestión do centro. Este cambio foi progresivo e requiriu a formación previa dos educadores (integración das competencias mínimas requiridas nesta materia para o educador) e os implicados para posteriormente irse estendendo a toda a comunidade educativa. Este cambio foi liderado polo Equipo directivo e posteriormente polo equipo TICC colexial.

Podemos destacar os seguintes fitos tecnolóxicos:

2003-2004 -	Aula de informática e rede de xestión. Acceso internet. Extraescolares de Informática. Rede interna Dirección. Con acceso a Internet.
2004-2005 -	Página WEB. 30 computadores dispoñibles para alumnos con acceso a Internet.
2006-2007 -	Rede WIFI para todo o centro.

- 2007-2008 - PDI en aulas comúns (unha por etapa educativa).
56 computadores dispoñibles para os alumnos.
- 2008-2009 - Incremento até 7 PDI
Moodle, Web modificada
Proxecto ABALAR para 1º ESO e 2º ESO
- 2009-2010 - Incremento até 10 PDI.
- 2010-2011 - Incremento até 15 PDI.
62 computadores dispoñibles para os alumnos
- 2011-2012 - Incremento até 21 PDI.
Proxectores en todas as aulas de Primaria, ESO e Bacharelato
Blogs de aula.
Intranet do centro - Repositorio de documentación.
Definición dun protocolo da xestión e modificación da páxina web.
- 2012-2013 - Incremento até 36 PDI.
Sistema de xestión integrado (LCIbérica - Moodle, Web, Intranet, Xestión Administrativa)
Avaliación da competencia dixital do profesorado.
- 2013-2014 - Incorporación de computador e TV nas aulas de Infantil (3 anos): neste momento todas as aulas ordinarias están equipadas con medios dixitais.
Nova avaliación da competencia dixital do profesorado.
- 2014-2015 - Incremento no ancho de banda da REDE Internet (2 liñas de 300 MB)
Incorporación de Google Suite for Education co dominio maristasourense.com
- 2015-2016 - Illamento total da rede de dirección e a rede de centro.
Substitución do servidor centralizado por un NAS
Sectorización do centro en rede.
Mellora nos servizos de mantemento
Nova imaxe da páxina web.
Incremento da presenza do centro en redes sociais, en particular en Facebook, twitter.
Adquisición de novas licenzas de Microsoft (Windows e Office)
- 2016-2017 - Mellora na infraestrutura de red e acceso a Internet.
Integración da protección de datos no proceso de integración tecnolóxico.
Substitución dos puntos de acceso WiFi do centro por outro de derradeira xeneración.
Adquisición de 15 Chromebooks para uso nas aulas.
Adquisición de tablets.
- 2017-2022 - Implantación na ESO do modelo «one to one» e no Bacharelato «traer o propio computador».
Inclusión de materiais curriculares dixitais nas distintas materias da ESO.
Adquisición de tablets.
Adquisición de chromebooks.
Nueva páxina web.
Recoñecemento como Colexio Steam.
Recoñecemento como Google Network Reference.

O Plan TICC colegial 18-22, foi un elemento dinamizador da integración da tecnoloxía no colexio, e a mellora das infraestruturas, e sempre apoiado pola Provincia Marista Compostela sobre todo economicamente, no que se refire a infraestrutura, software e hardware.

- ***Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.***

Temos que facer, sen dúbida, referencia ó marco de referencia da competencia dixital docente, no que se definen áreas, competencias, etapas, niveis e indicadores de logro. As áreas 3, 4 e 5 apuntan directamente ao proceso de ensino-aprendizaxe, avaliación e retroalimentación e o empoderamiento do alumnado e a inclusión, eixe vertebrados do modelo educativo para o vindeiro trienio. Dá pistas interesantes para avanzar na noso plan estratéxico colexial, plan dixital anual, e telo presente na actualización do cara o modelo educativo. Desta forma, é imprescindible:

- Integrar nas programacións didácticas o uso das tecnoloxías dixitais, de forma creativa, segura e crítica para mellorar a eficacia das prácticas docentes.
- Xestionar e coordinar adecuadamente as intervencións didácticas dixitais, asegurando o funcionamento dos dispositivos, recursos e servizos durante a implementación da programación didáctica
- Utilizar as tecnoloxías e servizos dixitais, cumprindo coas medidas de seguridade e protección de datos, para mellorar a interacción individual e colectiva co alumnado, dentro e fóra das sesións de aprendizaxe.
- Empregar as tecnoloxías dixitais para ofrecer orientación e asistencia pertinente e específica.
- Seleccionar e utilizar tecnoloxías dixitais seguras para mellorar a aprendizaxe do alumnado a través da colaboración.
- Proporcionar estratexias ao alumnado para utilizar as tecnoloxías dixitais de comunicación e cooperación co fin de enriquecer os procesos de aprendizaxe e desenvolver a súa capacidade de aprender a aprender entre iguais.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para favorecer no alumnado a metacognición, a través da reflexión sobre a propia aprendizaxe e o desenvolvemento das accións estratéxicas para planificar, supervisar, contrastar ideas, solicitar axuda e documentar os procesos de aprendizaxe realizados.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para o deseño dos medios e instrumentos de avaliación diagnóstica, formativa e sumativa e implementarllos cumprindo coas medidas de seguridade e protección de datos persoais.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para ofrecer retroalimentación ao alumnado respectando a privacidade e seguridade da información achegada.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para atender as diferenzas do alumnado, garantindo os seus dereitos dixitais, de forma que todos poidan alcanzar os obxectivos de aprendizaxe.
- Integrar as tecnoloxías dixitais en estratexias pedagóxicas que promovan o compromiso activo do alumnado cunha materia, converténdoo en protagonista da súa propia aprendizaxe e incentivando o desenvolvemento de operacións cognitivas complexas e de competencias *transversais, como o pensamento crítico ou a creatividade.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do centro a ter en conta para o deseño, posta en funcionamento e avaliación do plan dixital:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-202.
- Resolución de 4 de mayo de 2022, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación, sobre la actualización del marco de referencia de la competencia digital docente.

1.4. Proceso de elaboración

Para a realización do plan dixital, creouse segundo normativa o equipo de dinamización dixital formado por: Luís Angel Arias Gómez, José Ramón Domínguez Rodríguez, Ariana Dopazo, Raquel Casas, María Antonia Telle e Alfredo Veiga Fernández como coordinador do equipo. Neste equipo estaban representadas tódalas etapas. O traballo foi dirixido por Belén Dopazo mentora dá Consellería.

Fíxose de maneira colaborativa utilizando para iso a plataforma Moodle colexial: aula.maristasourense.*com e unidades compartidas en Google Workspace.

Partindo da análise inicial, estudo e contextualización, realizárase unha análise DAFO para obter alternativas estratéxicas que desen paso aos obxectivos e accións a desenvolver.

O claustro colaborou coas súas opinións ao poder engadir ou comentar alternativas ás que podían acceder libremente.

Por último, apróbase no último claustro, en xuño do 2021, previa aprobación do Equipo directivo e Consello Escolar do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**
Conectividade wifi en todo o colexio: cableado categoría 6 ata os 42 puntos de acceso Cisco MR33 e 1 MR56; 6 Schwichs Cisco MS220 a 225; 6 cámaras MV21 e 1 firewall Cisco MX250; e dous conexión a internet de 600 MB simétricas.
Servidor de usuarios con Windows 12 e Nass e SAI de control eléctrico.
Cableado a todos os despachos, con cable categoría 6.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
33 aulas dixitalizadas: proxector, PC, PDI, cámara
9 aula dixitalizada: 3 pantalla iterativa, 3 setas iterativas, 9 PC

- 3 aulas dixitalizadas: proxecto ABALAR. 3 portátil, 6 PDI e proxector, equipos abalar (obsoletos)*
Equipos de xestión e administración: 7 PC, 5 portátil, 3 pantallas, 4 impresoras, 3 tablet, lector CB, impresora tickes.
Biblioteca primaria: 4 PC, 1 impresora, lector CB
Biblioteca secundaria: 2 PC e 1 portátil.
Sala de profesorado: 6 PC
2 laboratorios: 2 PC, 2 proxector e 2 cámaras.
Salas multiusos e outras: 6 PC, 1 portátil e 4 proxector, 3 impresoras 3D
Equipos ultraportátiles para aula móvil:
- Tablets: 44 e carros de carga. 2
 - Chromebooks: 78 máis carros de carga 3
- *1 aula de informática primaria: 30 terminales IBM, PC e proxector.*
1 aula de informática secundaria: 29 PC, servidor, PDI e proxector.
- *Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente:*
 - *Páxina web do centro: www.maristasourense.com*
 - *Aula virtual Moodle: aula.maristasourense.com*
 - *Comunicación e xestión: Plataforma Globaleduca*
 - *Presencia en RR.SS. Twitter, Instagram e Facebook*
 - *Intranet sharepoint dependiente da plataforma de comunicación e xestión.*
 - *Edelvives dixital: recursos dixitais para o ensino.*
 - *Tatum: plataforma de apoio o plan lector.*
 - *Google Workspace Plus e ferramentas asociadas.*
 - *Microsof 365 e ferramentas asociadas.*
 - ***Xestión do mantemento do equipamento do centro.***
 - *Sistema de incidencias tecnolóxicas*
Na intranet, con acceso a todo o persoal do colexio hay un espazo para notificar as indidencias tecnolóxicas, chegando un correo de notificación ó administrador do colexio, ó persoal de mantemento e a o interesado. Cando esta incidencia é resolta chega as mesmas persoas una nova notificación.
 - *Técnico encargado do mantemento e contratado polo colexio como PAS por 20 horas/semanais.*
 - ***Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC***
 - *Plan de continxencia:*
Na potería do colexio é o centro de mando onde comeza o plan de continxencia. Dende aquí, de forma automática e dixital lánzase una alarma a través da megafonía do centro e locución que fala das recomendacións necesarias.
 - *Plan de protección de datos e ciberseguridade. Plan director.*
Todos os aspectos relacioados coa seguridade na rede e contrasinais seguras, e procolos correspondentes.
 - *Plan de indicencias.*

- Plan estratéxico colexial.
- Base de datos provincial de formación.
- Plan ecosocial: sustentabilidade dos consumibles, e aforro enerxético. Economía circular.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: información do resumo das áreas do informe SELFIE de 2021, de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas		Grupos	Ensinanzas		
			Primaria	ESO	Bacharelato
A -Liderado		Equipo Direct.	3,3	4,5	4,5
		Profesorado	4,4	4,2	4,4
		Alumnado			
B- Colaboración e redes		Equipo Direct.	3	4,2	3,8
		Profesorado	3,8	3,9	3,7
		Alumnado	3,8	3,4	2,7
C- Infraestruturas e Equipos		Equipo Direct.	3,9	4,9	4,7
		Profesorado	4,4	4,4	4,8
		Alumnado	4,4	4,2	3,6
D- Desenvolvemento profesional continuo		Equipo Direct.	3,5	4,3	4,8
		Profesorado	4	4,1	4,1
		Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos		Equipo Direct.	4,3	4,5	4,5
		Profesorado	4,5	4,3	4,4
		Alumnado		4,5	4,6
F- Pedagogía: Implementación na aula		Equipo Direct.	3,1	3,9	4,3
		Profesorado	4	4,1	4
		Alumnado	3,7	3,8	3,6
G- Prácticas de avaliación		Equipo Direct.	2,7	3,1	3,5
		Profesorado	3,8	3,8	3,5
		Alumnado		3,5	3,1
H- Competencias dixitais do alumnado		Equipo Direct.	3,2	4,1	3,8
		Profesorado	4,2	3,8	3,6
		Alumnado	4,2	4,1	3,7

Test CDD: información recollida nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Aínda que hai que precisar que os resultados non deixan de ter un valor estimativo, posto que é una autoavaliación do profesorado, que ten o valor indicativo pero de ningún xeito serve para facer comparanzas entre os centros e incluso no propio centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
LS1 - Substituto	9	14	64,3%
L01 - Laboral	52	68	76,5%
L03 - Autónomos relixiosos	1	1	100%
TOTAL	62	83	74,70%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	59,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	87,5	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
Primaria	78	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
Ed. Especial	49	Explorador/a (A2)	72,2	Integrador/a (B1)
ENR	92	Integrador/a (B1)	75,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	16	25,8%
Integrador/a (B1)	36	58,1%
Experto/a (B2)	8	12,9%
Líder (C1)	2	3,2%

Outras fontes:

Ademáis comparouse o resultado do informe Selfie do 2019-2020, observando un avance neste curso co relación o de 19-20.

A memoria do plan anual TICC 2020-2021 reflectido na PXA 2021-2022.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Hai un bo sistema de protección de datos. Dispositivos dixitais os docentes poden utilizar para o seu traballo. Tanto a asistencia técnica como a infraestrutura apoia o ensino-aprendizaxe con tecnoloxía dixital. Infraestrutura sólida con equipos estables. Sistema de incidencias tecnolóxicas Plataforma de software ofimática establecida.	Utilización de dispositivos e tabletas por parte do alumnado e do profesorado de forma libre. Descoñecemento de ferramentas de avaliación. Escaseza de recursos económicos para inversión en infraestruturas
	PERSONAL DOCENTE	Opcións de desenvolvemento profesional continua.	Non hay reflexión sobre o desenvolvemento persoal continuo.

		Utilízanse e búscanse recursos dixitais para o ensino-aprendizaxe. Formación para obtención de competencia e certificación dixital.	Non se debate sobre as necesidades no relativo a ensino con tecnoloxías. Non se crean moitos recursos dixitais propios. Seguridade e o respecto polos recursos creados por outros. Falta de ferramentas de avaliación.
	PERSONAL NON DOCENTE	Utilizan algunhas ferramentas para comunicación coas familias. Utilizan plataforma de xestión Contratación técnico para incidencias tecnolóxicas.	Desigual competencia dixital entre o persoal. Non adopción da tecnoloxía como ferramenta eficaz.
	ALUMNADO	O alumnado sente que o profesor asigna diferentes actividades utilizando tecnoloxías acordes ás súas necesidades.	A utilización da tecnoloxía para traballar en equipo. Desenvolvemento de traballos interdisciplinarios e implicación do alumnado. Utilizar tecnoloxía para realizar a metacognición e coevaluación do alumnado.
	FAMILIAS	Hai un número suficiente de dispositivos nas familias para o ensino híbrida. Hai acceso a internet en gran porcentaxe de familias.	Os distintos colectivos non teñen un comportamento seguro en Internet. Actuar de maneira responsable para compartir contidos non propios e respectar o autoría de os contidos dixitais.
	OFERTA	Hai unha estratexia que ofrece dispositivos segmentada por etapas. Biblioteca escolar equipada dixitalmente. Utilización de plataforma de comunicación e aprendizaxe.	Non se utilizan outras plataformas tecnolóxicas (como Microsoft ou Moodle). Formación escasa do alumnado en seguridade dixital. Falta de PDI en algún curso de infantil. Escasos dispositivos en educación primaria.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O equipo directivo apoia e o profesorado sente ese apoio para novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. Hai unha estratexia dixital na que se involucran. Utilízanse metodoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións. Protocolo de asignación de contas establecido.	Non avaliamos no noso centro os progresos en materia de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Tempo escaso do profesorado para uso tecnoloxía en diversos aspectos, sobre todo, creación de contido.

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Formación organizada e de calidade.	Excesiva burocracia que minora o tempo necesario para o profesorado.. Falta de fondos e equipo dixital insuficiente
	LEXISLACIÓN	LOMLOE que posibilita o uso da tecnoloxía en ensino e aprendizaxe.	Legislación sobre protección de datos que crea dificultades na utilización de recursos.
	CONTORNA	Aplicacións de software libre que facilitan o uso de aplicacións. Recursos gratuítos para ensino e aprendizaxe. Mellora de infraestruturas de acceso a internet.	Seguridade das ferramentas dixitais de software libre. Utilización fraudulenta de recursos dixitais. Correntes ideolóxicas en contra das novas tecnoloxías.
	ANPA	Implicación na seguridade dixital: ciberseguridad.	Persoas da ANPA non conformes coa implementación da tecnoloxía.
	OUTRAS ENTIDADES	Subvencións Quit Dixital Apoio da Provincia Marista en formación e infraestrutura.	Excesivo número de empresas tecnolóxicas que ven un nicho de mercado na educación.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Os obxectivos proponen unha mellora relativa do uso, que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Se establecen áreas prioritarias e determinan os obxectivos que queremos conseguir coas seguintes características:

- *específicos,*
- *medibles mediante indicadores cuantitativos,*
- *alcanzables,*
- *relevantes,*
- *axustados a un marco temporal.*

Ademáis os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Tamén Indicamos brevemente ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos que proporcionará e reportara aos indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Así mesmo, se determinan as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

O plan de acción faise para un curso escolar.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dispositivos non incluídos en proxecto plan dixital e que vaise solicitar vía subvención no momento que a convocatoria de subvención sexa publicada.

Espazo	Dotación	Finalidade
<i>Sala de profesorado</i>	<i>8 PC de nova xeración</i>	<i>Renovar os equipos da sala de profesorado obsoletos. Traballo do profesorado e de xestión.</i>
<i>Aulas dixitalizadas</i>	<i>10 proxectores LED 50 receptores WIFI</i>	<i>Reposición dos proxectores para as aulas e contribuír a sustentabilidade ecolóxica. Substituír receptores obsoletos coa relación ós puntos de acceso CISCO. Traballo no aula de alumnado e profesorado.</i>
<i>Despachos</i>	<i>8 pantallas de 15"</i>	<i>Substitución de pantallas obsoletas e que non funcionan ben. Traballo de xestión.</i>
<i>Aulas Infantil</i>	<i>3 paneis dixitais</i>	<i>Non hai en as aulas de 2º de Ed. Infantil. Traballo no aula do alumnado e profesorado para integrar o proxecto de creatividade e programación.</i>

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos(C)						
1. OBXECTIVO (1):	Dotar ao alumnado e docentes dunha maior accesibilidade a dispositivos dixitais no colexio.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Adquisición de 25 dispositivos dixitais para usar na etapa de educación primaria.					
Valor de partida (3)	25 dispositivos.					
Valor previsto e data (4)	Ter un total de 50 dispositivos, en dous carros dixitais, para uso no aula na educación primaria.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Estudar no equipo económico do colexio a idoneidade da proposta de compra de 25 dispositivos novos para a educación primaria.	Equipo Económico	15/07/2022	Investimentos e presuposto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Proposta ao equipo directivo para aprobar o investimento nos dispositivos.	Equipo Directivo	01/09/2022	Documento de inversións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Facer un estudo de mercado sobre os dispositivos tendo en conta os criterios da Prov. Marista sobre a súa implementación na primaria e asignar os dispositivos ó ciclo de primaria correspondente.	Administrador e coordinador TIC e xefatura de estudos	30/09/2022	Internet Central de compras Biblomar. Distribución de ciclos na primaria segundo a LOMLOE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Facer unha prospección con relación as subvencións do programa Nex Generation	Administrador	30/09/2022	Administración Prov. Marista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Liderado (A)						
2. OBXECTIVO (1):		Promover o debate no centro con relación a ensinanza e aprendizaxe.			Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo Directivo			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Hai dous debates coordinados polo equipo dinamización TIC ao longo do curso.				
Valor de partida (3)		0 debates.				
Valor previsto e data (4)		3 debates coa participación do 65 % do profesorado.		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PRE-VISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Facer un cronograma no calendario colexial para debater sobre a avaliación da aprendizaxe e ensino utilizando as novas tecnoloxías.	Xefatura de estudos e coordinador TIC	15/09/2022	Planning colexial Calendar	Realizada		
				Aprazada		
				Pendente		
AO2.2: Debater sobre a oportunidade de facer coavaliación coas ferramentas tecnolóxicas	Equipo directivo equipo de dinamización TIC	15/11/2022	Documentos sobre ferramentas para coavaliación utilizando tecnoloxías Cuestionario de satisfacción	Realizada		
				Aprazada		
				Pendente		
AO2.3: Debater no claustro sobre a necesidade de inculcar ó alumnado os dereitos de autor.	Equipo directivo equipo de dinamización TIC	15/03/2023	Presentación sobre os dereitos de autor. Cuestionario de satisfacción	Realizada		
				Aprazada		
				Pendente		
AO2.4: Debater no claustro sobre a realidade aumentada na educación.	Equipo directivo equipo de dinamización TIC	15/05/2023	Presentación sobre a realidade aumentada Cuestionario de satisfacción	Realizada		
				Aprazada		
				Pendente		

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
3. OBXECTIVO (1):	Promover a formación dos docentes en competencia dixital e en recursos para o proceso de avaliación con ferramentas tecnolóxicas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O 80 % do profesorado completou a formación deseñada-					
Valor de partida (3)	60 %					
Valor previsto e data (4)	80% formado			Xuño 2023,		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Pasar o cuestionario anual sobre necesidades de formación en tecnoloxía.	Coordinador TIC	30/05/2022	Cuestionario Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Facer o cronograma de formación para o curso 22-23 no planing colexial e segundo os requerimientos institucionais e promover a plataforma de formación da Xunta de Galicia.	Coordinador TIC e Xefaturas de estudos	10/10/2023	Planning colexial Calendar colexial Cuestionario de satisfacción do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Facer 2 microsesións de formación sobre a coavaliación con o caderno dixital idoceo, additio e forms de google	Equipo dinamización e profesorado competente	28/02/2023	Cadernos dixitais do profesor Cuestionario de satisfacción		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.4: Facer una microsesión de formación sobre os recursos dixitais e a autoría dos mesmos.	Equipo directivo equipo de dinamización TIC	28/03/2023	Presentación do creative commons Ferramenta de classroom para controlar o plaxio.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Crear un grupo de traballo sobre gamificación e creación de contidos	Equipo directivo equipo de dinamización TIC	30/05/2023	Ferramenta de formación da Xunta de Galicia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.6: Formación en Genialy e EdPuzle	Equipo directivo equipo de dinamización TIC	06/07/2023	Formación FUNDAE co grupo AE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoio e recursos (E)						
4. OBXECTIVO (1):	Implementar no aula procesos de avaliación e apoio con recursos dixitais compartidos para o ensino e aprendizaxe.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo dinamización TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Existe 1 repositorio de recursos dixitais por departamento e ciclo para a avaliación: coevaluación e autoevaluación, con rúbricas e formularios para distintas situación de aprendizaxe.					
Valor de partida (3)	0 repositorios					
Valor previsto e data (4)	1 repositorio, ó menos 10 rúbricas e 10 formularios de autoavaliación.			Novembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PRE-VISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Informar ao profesorado do plan dixital para o curso 22-23 e a forma de facer auto e co-avaliacións mediante Classroom e iDoceo ao alumnado.	Xefatura de estudos Equipo de dinamización TIC	7/09/2022	Plan de acción dixital iDoceo Classroom e Corubit Sala de audiovisuales 1 sesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Realizar por cada departamento/áreas e ciclo de formularios Google para a realización de autoavaliación do traballo colaborativo. Engadir a un repositorio do depart. E ciclo.	Coordinador Dep./Ciclo Equipo de dinamización TIC	30/10/2022	Forms de Google iDocceo connet 1 sesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Realizar por cada departamento/áreas e ciclo, rúbricas de coavaliación para o traballo colaborativo. E engadir a un repositorio do departamento ou ciclo.	Coordinador departamento/ciclo Equipo de dinamización TIC	30/10/2022	Forms de Google iDocceo connet 1 sesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Enquisa nas reunións de delegados de aula mediante formulario do grado de satisfacción con as auto e co-avaliacións.	Xefatura de estudos Equipo de dinamización TIC	30/05/202	Ferramenta de formación da Xunta de Galicia1 sesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO4.5: Facer unha táboa con relación a verticalización da ensinanza e aprendizaxe dá tecnoloxía dende infantil a bacharelato.	Xefatura de estudos Equipo de dinamización TIC	30/12/2022	Plan TIC 2019-2022 Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.6: Levar o borrador e proposta de táboa as CCP, ciclos e departamentos	Xefatura de estudos. Coordinadores de ciclo e departamento.	30/12/2022	Plan TIC 2019-2022 Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Area/s de mellora": Competencia dixital do alumnado (H)						
5. OBXECTIVO (1):	Programar sesión de traballo co alumnado para a utilización segura do internet e a tecnoloxía, respectando ademais a autoría de contidos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Hai 1 sesión de traballo grupal dende o Plan Director da Xunta en Ciberseguridade. Hay 1 sesión de traballo na tutoría/área do uso seguro de internet.					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	1 e 1			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Sinalar no cronograma colexial dúas sesións de tutoría grupal para o uso seguro de internet.	Equipo Directivo	5/09/2022	Planing e calendar de Google		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Recoller e cubrir o formulario de solicitude do Plan Director da Xunta	Xefatura de estudos	30/09/2022	Formulario de Satisfacción do alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Facer una tutoría de ciberseguridade	Titor Equipo dinamización Dixital	15/11/2023	Material do Incibe para colexios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.4: Traballar dende cada área a importancia de dar crédito ao traballo de outros citando os autores. Incluír nos criterios de calificacións das programacións o ítem correspondente.	Xefatura de estudos e CCP	30/09/2022	Documento co criterio para coñecer por tódala comunidade educativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.5: Proporcionar ao alumnado os criterios para citar autor facer plaxios.	Profesorado Equipo de dinamización TIC	0/10/2022	Documento de cita e forma de facelo en documentos de Google Workspace.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento:

- O responsable de seguimento do plan TIC é o equipo TICC, nas súas reunións periódicas, una vez por trimestre.
- Informará do seu desenvolvemento do plan ao equipo de Calidade, á C.C.P. e ao E.D.

A avaliación do plan é procesual:

- A avaliación do plan corre a cargo do equipo TICC e do Equipo Directivo. Para a avaliación contará coa información que lle sexa facilitada respecto diso pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, nas tres reunións prefixadas no calendario colexial.
- Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No remate do curso hai avaliación final :

A frecuencia de realización será como mínimo anual, e servirá para informar ó claustro de profesores e comunidade educativa e Consello Escolar. Terá como referencia:

- A información que proporcionan as enquisas e os indicadores do CMI (Xestión de Calidade) permiten obter información relevante sobre a influencia do plan TIC en todos os procesos do centro.
- A valoración do logros dos obxectivos.

Emitirá una memoria anual ao equipo directivo, con aspectos a considerar, ademais as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

No contexto do Plan de comunicación colexial, o Equipo de Comunicación velará para que as accións acometidas no Plan Dixital sexan coñecidas por medio das redes sociais do colexio.

Ademais temos que ter en conta:

- A súa presentación o Consello Escolar no última reunión do curso actual.
- Para a difusión do plan á comunidade educativa publicarase na intranet colexial.
- Da mesma forma, consideramos á Comisión de Coordinación Pedagóxica corresponsable da difusión e dinamización do plan entre o profesorado, a través das reunións de ciclos e equipos didácticos.